

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 21 DE MAIO DE 2018.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D. Diego Antonio Taibo Monelos
D^a M^a Guadalupe Pombo Carril
D^a M^a Carmen Varela Corbelle
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D. Miguel Suárez García
D^a Marta M^a Figueroa Fuentes

NON ASISTE:

D^a Marta M^a Iglesias Becerra

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D^a Vanesa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D^a Pilar M^a Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e quince minutos do día vinte e un de maio do ano dous mil dezaoto, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Diego Antonio Taibo Monelos, D^a M^a Guadalupe Pombo Carril, D^a M^a Carmen Varela Corbelle, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D. Miguel Suárez García e D^a Marta M^a Figueroa Fuentes.

Non asiste á sesión a Sra. concelleira D^a Marta M^a Iglesias Becerra.

Asiste á sesión a interventora municipal, D^a Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a secretaria xeral, D^a Pilar M^a Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 14 DE MAIO DE 2018.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día catorce de maio de dous mil dezaoto, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 14 de maio de 2018.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Resolución do 16 de maio de 2018, do Ministerio de Facenda e Función Pública -Dirección Xeral da Función Pública-, pola que se publica a relación individualizada de méritos xerais dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional. BOE núm. 123 do 21-05-2018.
- Resolución do 9 de maio de 2018, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se dá publicidade das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 20 de febreiro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a programación de

actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia. DOG núm. 93 do 16-05-2018.

- Anuncio do 23 de abril de 2018, do Concello de Culleredo, de convocatoria de 4 prazas de técnicos/as de xestión, escala de Administración xeral, subescala técnica, grupo titulación A2; 19 prazas de administrativos/as escala de Administración Xeral, subescala administrativa, grupo de titulación C1 e 10 prazas de auxiliares administrativos, escala de Administración xeral, subescala auxiliar, grupo de titulación C2. DOG núm. 93 do 16-05-2018.
- Orde do 8 de maio de 2018, da Consellería de Política Social, pola que se fai público o incremento do crédito previsto na Orde do 21 de xullo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos galegos, destinadas á mellora da accesibilidade nos edificios e espazos de uso público, cofinanciados polo programa operativo do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para os anos 2017 e 2018. DOG núm. 94 do 18-05-2018.
- Anuncio do 2 de maio de 2018, do Concello de Culleredo, de delegación na concelleira D^a Marta María Iglesias Becerra do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre I.G.M. e A.G.R o día 28-04-2018 ás 13.00 horas. BOP núm. 93 do 18-05-2018.
- Anuncio do 20 de abril de 2018, do Concello de Culleredo, de delegación na concelleira D^a Marta María Iglesias Becerra do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre M.D.R.V. e M.L.C. o día 21-04-2018 ás 18.00 horas e entre A.C.P.P. e G.A.O.R. o día 21-04-2018 ás 19.30 horas. BOP núm. 93 do 18-05-2018.
- Anuncio do 7 de maio de 2018, do Concello de Culleredo, de delegación no concelleiro D. Diego Antonio Taibo Monelos do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre A.M.R. e E.M.B.G. o día 05-05-2018 ás 19.30 horas. BOP núm. 93 do 18-05-2018.
- Anuncio do 11 de maio de 2018, do Concello de Culleredo, de delegación no concelleiro D. Diego Antonio Taibo Monelos do exercicio da competencia para a celebración do matrimonio civil entre L.S.O e I.L.L. o día 12-05-2018 ás 18.30 horas. BOP núm. 93 do 18-05-2018.
- Anuncio do 8 de maio de 2018, do Concello de Culleredo, de asunción das funcións da alcaldía polo primeiro tenente de alcalde, D. Diego A. Taibo Monelos, o día 07-05-2018 desde as 13.00 ata as 15.00 horas. BOP núm. 93 do 18-05-2018.
- Anuncio do 10 de maio de 2018, do Concello de Culleredo, de delegación especial na concelleira D^a María del Carmen Varela Corbelle para a sinatura dos convenios dos espectáculos adxudicados ao Concello de Culleredo ao abeiro da Rede Cultural 2018, que terá lugar o martes 08-05-2018 ás 11.00 horas na Deputación da Coruña. BOP núm. 93 do 18-05-2018.
- Anuncio do 16 de maio de 2018, da Deputación Provincial da Coruña -Servizo de Xestión de Plans -Sección de Plans Provinciais-, de exposición pública da Aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS + 2018. BOP núm. 94 do 21-05-2018.

C.I.F. P-1503100-H

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DA ALCALDÍA E DAS DISTINTAS CONCELLARÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- O Sr. Alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións do Servizo de Medio Ambiente, Servizos e Obras:

“

- Resolución núm. 691 de data do 10/05/2018, pola que se autoriza o uso especial por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, SA para obras de reforzo de tendido aéreo no lugar de Castro, parroquia de Rutis.
- Resolución núm. 702 de data do 11/05/2018, pola que se outorga a licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos, co número 119, á D. D. F. G.

2 de 7

- Resolución núm. 703 de data do 11/05/2018, pola que se outorga a licenza municipal para a posesión de animais potencialmente perigosos, co número 120, á D. J. M. V. C.
- Resolución núm. 721 de data do 14/05/2018, pola que se rexistra o animal de raza potencialmente perigosa co número 114, de nome Gea, propiedade de D.^a A. S. V."

2.2.2.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellaría delegada da Área de Benestar Social e Igualdade:

***SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
04/05/18	652	Aceptar a baixa da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar e declarar terminado o procedemento.	M. B. F. E M ^a E. B. F.	
04/05/18	653	Aceptar o desestimento da solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar e declarar concluído o procedemento.	A. V. R.	
09/05/18	681	Denegar a solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar por libre concorrencia por non acadar a puntuación mínima exixida.	M. N. D.	

C.I.F. P-1503100-H

****PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
04/05/18	654	Conceder unha axuda económica.	J.A.R.F.	Recibo de auga correspondente ao 4º trimestre de 2017, 1º trimestre, 2º trimestre e 3º trimestre de 2018. Recibos de luz, correspondentes aos meses de novembro de 2017 a outubro de 2018. Bono de alimentos tipo A, e bono de hixiene durante	1.075,68 €

C.I.F. P-1503100-H

				9 meses e cunha entrega mensual.	
04/05/18	655	Conceder unha axuda económica.	S.R.D.S.O.	Pago de aluguer correspondente aos meses de xaneiro a abril, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo, por un importe mensual de 250€.	1.000,00 €
04/05/18	656	Conceder unha axuda económica.	M.J.V.M.	Recibo de auga correspondente ao 4º trimestre de 2017, e 1º trimestre, 2º trimestre e 3º trimestre de 2018. Recibos de luz correspondentes aos meses de xaneiro a outubro de 2018. Recibos de gas correspondentes aos meses de xaneiro a outubro de 2018.	1.075,68 €
04/05/18	657	Conceder unha axuda económica.	C.P.G.O.	Pago de aluguer correspondente aos meses de xaneiro a marzo de 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo, por un importe mensual de 330€.	990,00 €
07/05/18	666	Conceder unha axuda económica	F.L.B.	Pago de aluguer correspondente aos meses de xaneiro a maio de 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo, por un importe mensual de 200€.	1.000,00 €
07/05/18	667	Conceder unha axuda económica.	I.M.M.	Pago de aluguer correspondente aos meses de xaneiro a marzo de 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo, por un importe mensual de 330€.	990,00 €
07/05/18	668	Conceder unha axuda económica.	R.V.C.	Pago de aluguer correspondente aos meses de xaneiro a abril, que lle será aboada	1.075,00 €

				mediante talón bancario nominativo, por un importe mensual de 300€, agas o mes de abril cun importe de 175€.	
07/05/18	669	Conceder unha axuda económica.	A.M.A.B.	Pago de aluguer correspondente aos meses de xaneiro a marzo de 2018 que lle será aboada mediante talón bancario nominativo, por un importe mensual de 370€, agás o mes de marzo que será cun importe de 335 €.	1.075,00 €
07/05/18	670	Conceder unha axuda económica.	K.M.	Pago de aluguer correspondente aos meses de abril a xullo de 2018, que lle será aboada mediante talón bancario nominativo, por un importe mensual de 260€.	1.040,00 €

C.I.F. P-1503100-H

2.2.3.- O Sr. Taibo Monelos dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións e comunicacións previas de obras e aperturas da Área de Urbanismo:

“RESOLUCIONS DO 11.05.2018

Resolución 704.- Aceptando o desistimento que formulou Unión Fenosa Distribución, S.A. á licenza de obras que solicitou para executar o recuamento dun tramo de liña de media tensión aérea na Rúa Pereiros, parroquia de Almeiras, co que se pon fin ao procedemento (exp. UAU/2017/196).

RESOLUCIONS DO 14.05.2018

Resolución 722.- Concedendo a D^a. A.V.V., licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda no lugar de Celas, (parcela coa referencia catastral: 8392604NH4889S0001YB), da parroquia de Celas (exp. UAU/2017/630).

Resolución 723.- Aceptando o desistimento de Unión Fenosa Distribución S.A. á licenza de obras que solicitou para o subministro a unha vivenda unifamiliar situada no lugar da Anchouza s/n da parroquia de Rutis, co que se pon fin ao procedemento. (exp. UAU/2016/214).

Resolución 724.- Aceptando o desistimento de Gas Galicia SA á licenza que solicitou para o subministro de gas natural canalizado na avenida de Rutis s/n da parroquia de Rutis, co que se pon fin ao procedemento.(exp. UAU/2015/617).

Resolución 725.- Declarando a caducidade do procedemento que se incoou por Resolución do 11.12.2015 para a declaración, no seu caso, da ineficacia da comunicación previa que achegaron as sociedades Grupo Kenya Exchange S.L., Grupo Mitra Narón S.L., Opemat Ingeniería S.L., e D. H.V.R., para o exercicio das actividades de almacén de produtos téxtiles, calzado e artigos de coiro, almacén de equipos de telecomunicacións, almacén de repostos de alta tensión e almacén de materiais e mercancia de prendas de peletaría, nunha nave situada na rúa Recreativa Ledoñesa, parcela 64 do Centro Loxístico de Transportes (referencia catastral: 8013611NH4981S0001ZR) da parroquia de Ledoño. Incoando o oportuno procedemento para a declaración, no seu

caso, da ineficacia da comunicación previa que achegaron e dando audiencia aos interesados por un prazo de 15 días, que contan desde o seguinte a aquel no que reciban a notificación da presente resolución, a fin de que poidan consultar o expediente, formular as alegacións e aportar os documentos e as xustificacións que consideren convenientes na defensa dos seus dereitos e intereses.(exp. UAU/2015/504).”

2.2.4.- A Sra. Varela Corbelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da Concellería delegada da Área de Educación, Cultura e Participación Cidadá:

“ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN:

EDUCACULLEREDO 2017/2018

ACTIVIDADE: Roteiro didáctico polos vestixios do pasado I: Torre de Celas

Programa: Educación patrimonial e histórica.

Datas: 21 de maio.

Horario: 10:00-13:00 h.

Colexios participantes: Díaz Pardo.

Curso: 3º EP.

Nº participantes: 52.

Lugar: parque da Torre de Celas.

ACTIVIDADE: Roteiro didáctico polos vestixios do pasado II. Igrexa e Ponte do Burgo.

Programa: Educación patrimonial e histórica

Datas: 21, 22 e 23 de maio.

Horario: 10:00-12:30 h.

Colexios participantes: Tarrío e Sofía Casanova.

Curso: 4º EP.

Nº participantes: 144.

Lugar: Ponte do Burgo e igrexa románica.

ACTIVIDADE: Concerto cantautora SÉS.

Programa: Educación musical e artística.

Datas: 24 de maio.

Horario: 12:00-13:15 h.

Colexios participantes: IES Universidade Laboral e IES Blanco Amor.

Curso: 1º Bacharelato, 4º ESA e 4º ESO.

Lugar: Salón de actos do IES Universidade Laboral.

Participantes: 343.

ACTIVIDADE: Roteiro didáctico polo patrimonio natural. Río Trabe.

Programa: Educación patrimonial e histórica.

Datas: 25 de maio.

Horario: 9:30-12:30 h.

Colexios participantes: Ría do Burgo e A Ponte Pasaxe.

Curso: 2º de Educación Primaria.

Lugar: último tramo do río Trabe.

Participantes: 52.

ACTIVIDADES CULTURAIS

MÉRCORES 23 DE MAIO

Biblioteca González Garcés do Burgo:

Dúas quendas: 17.00 e 18.30 h:

Babycontos e bandexas Montessori.

De 0 a 3 anos. Recollida de invitacións.

XOVES 24 DE MAIO

Biblioteca González Garcés do Burgo:

Dúas quendas: 17.00 e 19.00 h:

Obradoiro de cociña.

De 7 a 12 anos. Previa inscrición (na mesma semana).

XOVES 24 DE MAIO

Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 19.30 h:

Tertulia de Arte: *O xardín como metáfora visual*, con Luisa Valdés. Entrada libre.

VENRES 25 DE MAIO

Biblioteca Cardeso Liñares de Vilaboa. 18.30 h:

Contacontos coa Dragóna Ramona: *Inés do revés.*

A partir de 3 anos. Entrada libre.

VENRES 25 DE MAIO

Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. 20.30 h:

EME2 TEATRO: *A noiva de Don Quixote.*"

C.I.F. P-1503100-H

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e vinte e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

O alcalde

(Asinado dixitalmente)